



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13 DE SETEMBRO

1. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: 2022/00006095X.

Licenza de obra nova para construción de nave industrial destinada a almacén de aluguer de maquinaria e equipamento de construción na RUA DO PAIS VASCO, 44.

Acórdase CONCEDER a ALQUIGAL ALQUILERES GALICIA S.L licenza de OBRA NOVA para construción de nave industrial destinada a almacén de aluguer de maquinaria e equipamento de construción na RUA DO PAIS VASCO, 44, parcela E3c01g, do Polígono da Sionlla, segundo Proxecto técnico co visado colexial de data 01/02/2022 e anexo con data de visado de 05/05/2022, cun orzamento de execución material de 199.585,00 €.

As actuacións consistirán construción de nave industrial de planta baixa e entrechán destinada a almacén de aluguer de maquinaria e equipamento de construción, cunha ocupación en planta de 1.000 m², superficie construída de 1078,16 m² e altura de 9,83 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa Ordenanza 3 Edificación Semiadosada Variante 3C do Proxecto sectorial da Sionlla

2. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI 1060/2022.

Corrección de erros da proposta remitida á sesión de XGL 2022/00040637G relativa á convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación de facturas S/2022/176 con dez facturas emitidas por varias empresas (Solitium Noroeste SL e Ricoh España SLU), en concepto de mantemento e consumo de copias das fotocopiadoras en varios departamentos municipais, correspondentes a varios periodos entre o mes de abril e xuño do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CUARENTA E TRES EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.043,74 €) que comeza pola factura número F/2022/1831 por importe de 29,67 euros, e remata pola número F/2022/2749 por importe de 204,94 euros, todas elas en concepto de mantemento e consumo de copias das fotocopiadoras en varios Departamentos municipais, correspondente a varios períodos entre o mes de abril e xuño do ano 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

3. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.
Referencia: OFI S/2022/132.

Corrección de erros da proposta remitida á sesión de XGL 2022/00040637G relativa á convalidación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda da relación de facturas S/2022/132 con trece facturas emitidas por varias empresas (Solitium Noroeste SL, VSM Sistemas Coruña SA, La Tecla Santiago SL e Ricoh España SLU), en concepto de servizo de copiadoras en distintas dependencias municipais, correspondentes ao periodo entre febreiro e maio do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL SEISCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON TREINTA E CINCO CÉNTIMOS (2.693,35 €) que comeza pola factura número F/2022/1598 por importe de 104,60 euros, e remata pola número F/2022/2583 por importe de 89,79 euros, todas elas en concepto de servizo de copiadoras en distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre febreiro e maio de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

4. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.
Referencia: OFI 1019/2022.

Convalidación da omisión da función interventora OFI 1019/2022. Rectificación de erros da sesión da XGL 2022/00040637G

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL TRESCENTOS OITO EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (1.308,57 €) correspondentes á factura número F/2022/1484, en concepto de servizos mantemento de telefonía cloud correspondentes ao mes de maio do ano 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

5. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2022/00031970P.

Aprobación do proxecto técnico de “Rehabilitación de firmes de vías urbanas 2022”.

Apróbase o proxecto técnico de “Rehabilitación de firmes de vías urbanas 2022”, elaborado por Consultores e Informadores Locales, S.L., cun orzamento total, IVE engadido, de **458.811,10 euros** (379.182,73 euros + IVE 21% que ascende a 79.628,37 euros). O prazo de execución é de 4 meses.

Os ámbitos sobre os que se actuará son:

1. Rúa de Alfredo Brañas
2. Rúa de Santiago de Chile
3. Rúa das Canteiras do Sar
4. Rúa dos Forniños
5. Rúa de Amio, rúa da Carballa e rúa de Seoane
6. Travesa da Estrada
7. Rúa do Combarro e Travesa do Combarro
8. Rúa de Diego Bernal
9. Rúa do Pino
10. Rúa de Mallou de Abaixo

6. RELACIÓNS VECIÑAIS E MOCIDADE. Referencia: 2022/00031383L.

Aprobación da concesión de subvencións ás asociacións veciñais sen ánimo de lucro de Santiago de Compostela, para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2022.

Acórdase:

1. Aprobado a concesión de subvencións ás asociacións de veciños para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral durante o exercicio 2022, de acordo co sinalado anteriormente e coa acta da comisión avaliadora. Son **28 as entidades beneficiarias**, que percibirán, en conxunto, **75.568,78 €**.

2. Aprobado a liberación do crédito sobranste por importe de **24.431,22 euros**.

	Nome da entidade	Puntos	80% orzamento presentado	Importe por puntos	Proposta inicial	Proposta final
1	AVV ESPAZO VECIÑAL DE SAR	18	3.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €
2	AVV RÍO SARELA A PEREGRINA	14	648,00 €	2.600,00 €	648,00 €	648,00 €
3	AVV AS MARÍAS	16	3.000,00 €	2.800,00 €	2.800,00 €	3.000,00 €
4	AVV FALDA DO PEDROSO	10	1.280,00 €	2.200,00 €	1.280,00 €	1.280,00 €
5	AVV MONTE DE DIOS	11	960,00 €	2.300,00 €	960,00 €	960,00 €
6	AVV CAMINO DE SANTIAGO	13	2.000,00 €	2.500,00 €	2.000,00 €	2.000,00 €
7	AVV DE BERDIA	2	1.048,80 €	1.400,00 €	1.048,80 €	1.048,80 €
8	AVV SAN LAZARO MONTE DO GOZO	16	2.612,00 €	2.800,00 €	2.612,00 €	2.612,00 €
9	AVV A XUNTANZA	18	3.000,57 €	3.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €
10	AVV A XUNLLA DA PARROQUIA SAN MARTIN DE LARAÑO	11	2.593,80 €	2.300,00 €	2.300,00 €	2.593,80 €
11	AVV BRAÑAS DE ANDRÉS	17	4.980,74 €	2.900,00 €	2.900,00 €	3.000,00 €
12	AVV RÍO SARELA SAN LORENZO	12	3.483,42 €	2.400,00 €	2.400,00 €	3.000,00 €
13	AVV SANDRA PREGO RIAL	18	3.460,80 €	3.000,00 €	3.000,00 €	3.000,00 €
14	AVV DA CIDADE HISTORICA FONSECA	13	3.280,00 €	2.500,00 €	2.500,00 €	3.000,00 €
15	AVV DE SAN JUAN DE FECHA	12	3.536,00 €	2.400,00 €	2.400,00 €	3.000,00 €
16	AVV AS CANCELAS	15	903,28 €	2.700,00 €	903,28 €	903,28 €
17	AVV CONXO ABERTO	15	3.575,10 €	2.700,00 €	2.700,00 €	3.000,00 €
18	AVV CASA AGRARIA	15	7.993,12 €	4.860,00 €	4.860,00 €	5.100,00 €
19	AVV BARRIO DE GUADALUPE A PONDEROSA	13	2.637,60 €	2.500,00 €	2.500,00 €	2.637,60 €
20	AVV VEDESMA SANTA MARTA-CHOUPANA	15	3.120,00 €	2.700,00 €	2.700,00 €	3.000,00 €

21	FERUSA	12	8.440,00 €	2.400,00 €	2.400,00 €	3.000,00 €
22	AVV DA GRACIA	15	4.957,30 €	4.860,00 €	4.860,00 €	4.957,30 €
23	AVV CAMPO DAS ESCOLAS DE BUSTO	11	3.040,00 €	2.300,00 €	2.300,00 €	3.000,00 €
24	AVV FRANCISCO GARCIA BEIRO	13	10.295,00 €	2.500,00 €	2.500,00 €	3.000,00 €
25	AVV MONTE LONGO	15	3.240,00 €	2.700,00 €	2.700,00 €	3.000,00 €
26	AVV ALVARO CUNQUEIRO DE SANTIAGO	17	7.920,00 €	4.640,00 €	4.640,00 €	5.100,00 €
27	AVV PLATAFORMA DE GALERAS	12	832,00 €	2.400,00 €	832,00 €	832,00 €
28	AVV REGO DAS PEDRAS	14	2.896,00 €	2.600,00 €	2.600,00 €	2.896,00 €
TOTAL					69.344,08 €	75.568,78 €

7. DEPORTES. Referencia: 2021/00051689C.

Xustificación do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e a S.D. Compostela para o ano 2021.

Apróbase a xustificación presentada pola SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA do convenio de colaboración asinado co Concello de Santiago, ano 2021, sendo a cantidade a abonar de **65.000 €**, imputándose dito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890018.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00031310S.

Subsanación do erro advertido na proposta da proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración local de data 27/06/2022, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 5 de setembro de 2022, relativo a relativo á aprobación do expediente “Servizo de roza e limpeza de parcelas municipais no ámbito urbano do termo municipal de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, conforme o establecido na D.A. 4ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público”.

Procédese á subsanación do erro advertido na proposta da proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración local de data 27/06/2022, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 5 de setembro de 2022, relativo a relativo á aprobación do expediente “Servizo de roza e limpeza de parcelas municipais no ámbito urbano do termo municipal de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, conforme o establecido na D.A. 4ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público”, de xeito que no apartado de A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda, figure o seguinte texto :

- Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación do *Servizo de roza e limpeza de parcelas municipais no ámbito urbano do termo municipal de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, conforme o establecido na D.A. 4ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público*
- Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación.
- Autorizar un gasto total por importe de 150.000,00 € (base imponible de 123.996,94 € e IVE do 21% por importe de 26.033,06 €), que se imputará á aplicación orzamentaria: 040 15320 2100001 PAV. DE VÍAS PÚBLICAS. REPARAC. MANTEM. E CONSERV. INFRESTR, coa seguinte desagregación por anualidades:

ANO 2022 (5 meses)	ANO 2023 (7 meses)	TOTAL
62.500 €	87.500 €	150.000 €

9. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/185.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (3) emitidas por varias empresas en concepto de servizos de instalación mantemento dos sistemas de alarmas e extintores en distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre abril e xuño do ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUSCENTOS DOUS EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (202,90 €), segundo relación contable de facturas S/2022/185 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/2115 por importe de 35,82 euros, emitida pola empresa SISTEMAS DE SEGURIDAD A-1, S.L, e remata pola factura número F/2022/2904 por importe de 54,55 euros emitida pola empresa PROTEL SISTEMA SE SEGURIDAD, SL.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00011798F.

Aprobación do expediente denominado “Servizo de mantemento das instalacións térmicas dos edificios e locais municipais” e a apertura do procedemento de adxudicación.

Apróbase o expediente denominado “Servizo de mantemento das instalacións térmicas dos edificios e locais municipais” e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 214.113,12 euros, IVE aparte.

O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) é de 44.963,76 euros, polo que o importe total ascende a **259.076,88 €**

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00004057L.

Adxudicación da “Concesión de uso privativo de dominio público municipal para a colocación de COLECTORES DE ROUPA e CALZADO usados e outros téxtiles no municipio de Santiago de Compostela. Reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción social D.A. 4ª LCSP”.

Acórdase adxudicar a “Concesión de uso privativo de dominio público municipal para a colocación de COLECTORES DE ROUPA e CALZADO usados e outros téxtiles no municipio de Santiago de Compostela. Reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción social D.A. 4ª LCSP.” a empresa ARROUPA SANTIAGO EIL SLU, que oferta un canon de 3.002 euros/ano a abonar ao Concello.

14. COMERCIO. Referencia: 2022/00035979S.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Comunidade de Propietarios Centro comercial aberto Área Central para levar a cabo un programa de dinamización comercial no ano 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a Comunidade de Propietarios Centro Comercial Área Central, para o desenvolvemento dun programa de dinamización comercial durante a anualidade 2022.

Segundo.- Aprobación do gasto por importe de trinta e cinco mil euros- **35.000,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890004.

15. COMERCIO. Referencia: 2022/00032818M.

Toma de razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Punto Compostela Centro comercial aberto para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2022.

Acórdase:

Primeiro: Tomar razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Punto Compostela Centro comercial aberto para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2022, cunha achega de **32.000,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890003.

Segundo: Comprometer o gasto, por importe de 32.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890003.

16. COMERCIO. Referencia: 2022/00026473P.

Dación de conta da sinatura da addenda ao convenio entre o Concello de Santiago e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da Praza de Abastos, a través dos bonos Corazón Compostela Praza de Abastos.

Tómase consideración da sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da contorna da Praza de Abastos, a través dos bonos Corazón Compostela Praza de Abastos.

17. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ.

Inclusión da praza Saxo Tenor na zona 8 de residentes de Pelamios e Vista Alegre.

Apróbase a inclusión da praza Saxo Tenor na zona de residentes nº 8 de Pelamios-Vista Alegre, por tratarse dunha praza nova que abrangue os números do 1 ó 4 actuais que con anterioridade eran os númeos 39 ó 41 da rúa Vista Alegre, en base ó establecido na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da O.R.A. e Aparcamento de Residentes.

Esta resolución será publicada na páxina web do Concello en nun xornal de distribución local para xeral coñecemento da cidadanía.

18. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00041274C.

Dar conta do Auto recaído no procedemento de Dereitos Fundamentais 28/2022 CA2.

Dase conta da resolución: Auto 81/2022

Demandante: CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)

Obxecto: Contra resolución do 18.01.2022 referida á autorización de publicidade por megafonía en vehículo da convocatoria da manifestación do 30.01.2022.

O Auto-declarado firme na dilixencia de ordenación do 1.01.2022- é favorable ao Concello pois declara rematado o recurso por perda sobrevida do obxecto , e declara o seu arquivo sen imposición de custas. Dada a súa firmeza non é susceptible de recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Tráfico para os efectos do seu coñecemento.

19. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00041271V.

Dar conta da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 655/2020 1ª Instancia 1.

Dase conta da sentenza 173/2022 do Xulgado de 1ª Instancia nº 1

Obxecto: Acción de servidume e subsidiaria de reclamación de danos e prexuízos.

A sentenza é favorable aos intereses municipais, pois sinala que a licenza concedida non implica titularidade, nin prerrogativa de tipo ningún do concello acerca do servidume, e estima que o lugar onde está ubicado o paso discutido só debe regularse entre os particulares e os seus respectivos títulos. Así mesmo rexeita a excepción de falta de lexitimación pasiva alegada polos demandados ao ser estos os que impediron o uso lexítimo do servidume. En definitiva, condea aos

demandados a restablecer o dereito de paso sobre o camiño, deixándoo libre e expedito ao seu estado anterior. No tocante aos danos e prexuízos, ao non consideralos acreditados, desestima dita pretensión.

As custas impóñense á parte demandada. Contra dita sentenza cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de *Urbanismo-Licenzas* para os efectos do seu coñecemento.

20. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00041306Y.

Dación de conta de sentenza recaída no procedemento PO 237/2021 Social 4.

Dase conta da sentenza nº 238/2022

Obxecto: diferenzas na prestación durante IT.

A sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en suplicación.

O demandante reclamaba que durante o período de IT, a prestación fose equivalente as retribucións recoñecidas en sentenza social firme como A2-22. O xulgado indo directamente ao fondo do asunto, condena ao Concello a pagar a cantidade reclamada. De feito, a sentenza condena ao pago da cantidade neta que o traballador debería percibir; pero non ao bruto, é dicir a dita cantidade máis o importe de cotización correspondente.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de suplicación

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Persoal para a súa execución.

21. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00041385Q.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 2 a 8 de setembro de 2022.

URXENCIAS

22. COMERCIO. Referencia. 2022/00036827N

Aprobación das bases da convocatoria de axudas para actividades de promoción e dinamización comercial, anualidade 2022

Acórdase:

Primeiro.- Aprobación da convocatoria das axudas á realización de actividades de promoción e dinamización comercial, anualidade 2022.

Segundo.- Aprobación do gasto por importe de 100.000,00 Euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890100 Comercio Outras Transferencias non nominativas.

Terceiro.- Publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña por medio da Base de Datos Nacional de Subvencións.

23. COMERCIO. Referencia. 2022/00037580Y

Aprobación da convocatoria de axudas para a mellora e innovación do comercio local. Programa Coidar para mellorar, anualidade 2022

Acórdase:

Primeiro: Aprobación da convocatoria das axudas para a mellora e innovación do comercio local do programa “Coidar para mellorar”, anualidade 2022.

● **Segundo:** Aprobación do gasto por importe de 350.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 7790101 Proxecto de gasto 2022 4 RLTCO 45.

● **Terceiro:** Publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña por medio da Base de Datos Nacional de Subvencións.

24. COMERCIO. Referencia. 2022/00032470W

Toma de razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2022

Acórdase:

▣ Primeiro: Tomar razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro Área Comercial, Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental, Asociación Punto Compostela Centro comercial aberto para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2022, cunha achega de **35.000,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890001.

▣ Segundo: Comprometer o gasto, por importe de 35.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890001.

25. COMERCIO. Referencia. 2022/00032669V

Toma de razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro Área Comercial para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro anualidade 2022.

Acórdase:

Primeiro: Tomar razón da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro Área Comercial para levar a cabo un programa de reactivación económica das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2022, cunha achega de 32.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890005.

Segundo: Comprometer o gasto, por importe de 32.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890005.

26. Referencia. 2021/00024495N

Autorización inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución do proxecto de "Mellora dos accesos peonís cara aso centros educativos de Lamas de Abade (FASE I)".

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución do proxecto de "Mellora dos accesos peonís cara aso centros educativos de Lamas de Abade (FASE I)", nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe da arquitecta supervisora municipal de 8 de setembro de 2022, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

27. Referencia. 2021/00026110V.

Autorización do inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución do proxecto de estabilización de noiro e acondicionamento e mellora do vial da rúa do Bidueiro (Vidán)”.

Autorízase o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución do proxecto de estabilización de noiro e acondicionamento e mellora do vial da rúa do Bidueiro (Vidán)”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación

que figura no informe do arquitecta supervisora municipal de 12 de setembro de 2022, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

28. Referencia. 2021/00021915P

Aprobación do proxecto modificado de Execución das obras de rehabilitación do palacete da finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo (Operación incluída na Estratexía de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o proxecto modificado de Execución das obras de rehabilitación do palacete da finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo (Operación incluída na Estratexía de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado-EDUSI e a súa adxudicación á empresa BAUEN EMPRESA CONSTRUCTORA SAU contratista da obra principal. O incremento orzamentario do proxecto modificado respecto do orzamento líquido de execución por contrata ascende a 0 €.

Segundo.- Establecer un prazo de execución das obras do proxecto modificado de 12 meses dende a sinatura da acta de comprobación da implantación.